

Agromar poético

Vicente Araguas

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

ARAGUAS, VICENTE (2011 [1989]). “Agromar poético”. *Dorna*: 15, 141-143.

Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/582>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal


ARAGUAS, VICENTE (1989). “Agromar poético”. *Dorna*: 15, 141-143.

* Edición dispoñíbel desde o 30 de marzo de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

entrega: LIMUNOSO LUGAR DE ABATIMIENTO.

O VIII Premio Esquío recaeu en Xavier Rodríguez Barrio, un corredor de fondo da nosa lírica. CELEBRACIÓN DO GOZO (Colección Esquío) é a outra cara da moeda de OS APOSENTOS SILENCIADOS. O que no libro anterior era solpor, preludia aquí alboradas. En ámbolos casos, certo, servido o concepto cunha linguaxe rica e ben traballada. Ora ben, a poesía de Rodríguez Barrio peca de fría polo excesivo hermetismo que o seu autor lle imprime. ¿Medo, quizais, a deixar espida a anécdota, a que espellee de máis no poema? Unha mágoa esta rixidez nun poeta, ó meu entender dos mellor dotados con que contamos.

Anxo Angueira Viturro con VAL DE RAMIRÁS (Colección Esquío) resultou



F. Mantecón

finalista do mesmo premio. Poesía neorru-ral, verde de máis, e excesivamente refeita para un galardón da categoría do finalista do Esquío, que deberá arriscar máis en futuras edicións so pena de entrar nun calexón sen saída. Como lle pasa á poesía de Angueira Viturro.

Alleo a modas, receitas, lirismos ou soliloquios á luz da lúa, rexorde o Víctor Vaqueiro de INFORME DA GAVILLA, CAMIÑO DE ANTIOQUÍA ou A FRAGA PRATEADA. O que busca a poesía total coma unha engranaxe, matemática, perfecta. Moi atrás queda LIDEIRAS ENTRE A PAISAXE, aquel libro tan fresco coma inmaduro (e do que, persoalmente eu máis disfrutei) no que o autor vigués apuntaba outro camiño. Aí, á volta da esquina, a última entrega de Vaqueiro, A CÁMARA DE NÉBOA (Sotelo Blanco), introducida por Xosé María Álvarez Cáccamo, quen xa fixera labores exploratorias noutro libro hermético, e xa que logo difícil, A GÁNDARA DA NOITE, de Xavier Rodríguez Baixeras, A CÁMARA DE NÉBOA mesmo pode resultar exasperante para quen opte por unha poesía onde a comunicación, ou a comunicación e mailo coñecemento á par, sexan a primeira finalidade. Aparecerá proveitosa para os entusiastas das poéticas cabalísticas. Pois, en última instancia, e como di Basilio Lósada, no Prelimiar deste A CÁMARA DE NÉBOA: "Víctor Vaqueiro tivo a memorable cortesía de non ser claro de máis, de deixarlle o lector o seu reino para que o habite ó seu xeito".

Luis González Tosar, tralo éxito unánime e sinalado de A CANEIRO CHEO trocou con precisión o seu rumbo poético para non esgota-las posibilidades dun libro irrepetible, pois ós temas telúricos cómpre deixalos acougar coma á terra mesma. REMOL DAS TRAVESÍAS (Colección DOMBATE) é un libro de viaxes dende dentro e cara a fóra. Entre Bue-

nos Aires e Galicia chouta o boomerang (poética de ida e volta, pois) tosariano, facendo escalas –e calas– en Cuba, Centro Europa, a Unión Soviética, Venecia (cada vez máis próxima, –por culpa do mal uso que dela se fixo–, de Charles Aznavour que de Ezra Pound), Marrocos (¡ah, eses espléndidos cantos berberes!). Tosar non viaxa enumerativo, deslumbrante ou circunstancial, senón á busca do seu eu perdido, compoñendo –de rebote– unha evocadora canción solitaria na que ten amplo espacio a emoción, v.g.: o encontro Zacharias Werner-Penélope, a ironía na redescuberta arxentina, ou a experiencia camiñante e kerouaquiana. Aínda cabería falar da forza intimista da introducción ó libro ou da capacidade satírica que pecha este REMOL DAS TRAVESÍAS: "Unha desas voces escondidas que aínda terman deste mundo". Tamén a linguaxe, pulcra e allea ós requilorios, afeites e reiteracións. Palabra axustada, rexa, a empregada por Tosar nestas súas radiantes travesías.

Moi pouca fortuna tivo Elisa Vázquez de Gey na súa esculca polo noso mundo feminino do verso. QUEIMAR AS MEIGAS (Torremozas) é un libro frustrado e frustrante polo excesivo número de autoras que nel aparecen; ou sobra poesía ou sobran mulleres. Pois deixando á parte as catorce autoras –algunhas de xulgado

de garda– que en español deixan aquí os seus versos, quedan dezanove, a maior parte pouco aptas para o exercicio poético. Entón, se Vázquez de Gey quixo representar ás quen de verdade son (e non discuto a necesidade deste tipo de escolmas, a antóloga xa me deixou a boca ben tapada no prólogo) na poesía galega feminina debeu entrar con máis decisión de peneira. O contrario é o que se chama temperar gaitas. E gaitas temperadas xa temos dabondo. Case tantas coma poetas (mulleres ou homes).

Se se abría esta SOLAINA cunha reedición, farémo-lo mesmo co seu peche. Chega agora con "DOMBATE" (Galaxia) a longamente agardada reaparición dos NIMBOS de Díaz Castro. Libro considerado, de xeito unánime, coma unha perla única na literatura galega, do que abondaría cun só título, "Penélope", para xustificalo. Esta reedición foi revisada polo propio autor. Pero é que ademais, no seu conxunto, segue a destila-la mesma sabenza lumínica do día en que, aló polo ano sesenta e un, saíu por vez primeira do prelo. Luz, máis luz, pidámoslle sempre a Díaz Castro e ós que, coma el, suberon acende-lo camiño escuro polo que transitabamos.

Saudar finalmente ó gañador do "Leliadoura" deste ano, un autor firme xa nas nosas letras: Manolo Rivas.

